

Resolución reitoral pola que se acepta a renuncia dunha Bolsa de formación en Centros de Investigación dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo no curso académico 2025/2026

Recibida con data 15 de xaneiro de 2026 a solicitude de renuncia de **Iliana Durán Alonso**, beneficiaria dunha bolsa da convocatoria *Bolsas de formación en Centros de Investigación dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo no curso académico 2025/2026* (R.R. do 20 de outubro de 2025)

Visto a base 9 da Resolución reitoral de 15 de xullo de 2025 da convocatoria de Bolsas de formación en Centros de Investigación dirixidas ao estudantado da Universidade de Vigo no curso académico 2025/2026 e existindo persoas candidatas na listaxe de agarda,

Esta Reitoría resolve:

1. Aceptar a renuncia de **Iliana Durán Alonso** coa correspondente perda de dereitos de cobro con efectos administrativos do 19 de xaneiro de 2026.
2. Conceder a **Pedro Trincado Alonso** unha bolsa de formación en Centros de Investigación (CIMBIO -Citometría de fluxo) por unha contía de 2400,00€ en virtude do disposto na base 9 da Resolución reitoral do 15 de xullo do 2025.

De acordo co establecido na base 10 da convocatoria, son obrigas das persoas bolseiras:

- Realizar, baixo a supervisión do titor/a, a actividade formativa e o plan formativo conforme ao establecido na convocatoria.
- Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- Achegar á Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha **memoria final** das actividades realizadas durante todo o período da bolsa. Esta memoria debe estar informada favorablemente pola persoa titora.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín

